

Convocatoria extraordinaria 2024
ARTES ESCÉNICAS II

O exame consta de 4 preguntas de 5 puntos, das que poderá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como queira. Se responde máis preguntas das permitidas, **só serán corrixiadas as 2 primeiras respondidas.** / *El examen consta de 4 preguntas de 5 puntos, de las que podrá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como quiera. Si responde más preguntas de las permitidas, solo serán corregidas las 2 primeras respondidas.*

PREGUNTA 1. Desenvolva un dos dous temas seguintes: / Desarrolle uno de los dos temas siguientes:

1.1. A ópera como arte escénica. Características principais. / La ópera como arte escénica. Características principales. (5 puntos)

1.2. O teatro no século XX. / El teatro en el siglo XX. (5 puntos)

PREGUNTA 2. Sitúe a obra no seu contexto histórico e literario. Explique os procesos necesarios para o deseño da posta en escena do texto que se acompaña, detallando as particularidades das distintas fases que permiten materializar o espectáculo. / Sitúe la obra en su contexto histórico y literario. Explique los procesos necesarios para el diseño de la puesta en escena del texto que se adjunta, detallando las particularidades de las distintas fases que permiten materializar el espectáculo. (5 puntos)

(Se levanta el telón y se descubre una perspectiva del lago, con la luna sobre el horizonte y su reflejo en el agua; sobre una roca enorme está sentada NINA ZARÉCHNAYA, vestida de blanco.)

NINA

Hombres y mujeres, leones, águilas, perdices, astados ciervos, gansos, arañas, peces silentes que viven en el océano, estrellas de mar y criaturas invisibles al ojo humano, en resumen, todo lo que vive, todo lo que vive, y que habiendo concluido su melancólico ciclo se ha extinguido... Hace ya miles de siglos que la tierra no cobija a un solo ser vivo, y ahora esa pobre Luna alumbra en vano con su lámpara. En los prados no despiertan ya las grullas con un grito; ya no se oye el zumbido de los abejorros entre los tilos. Hace frío, frío, frío... Todo está desierto, desierto, desierto... Es horrible, horrible, horrible... *(Pausa.)* Los cuerpos de todos los seres vivos se han convertido en ceniza, y la Eterna Materia los ha transformado en piedra, en agua, en nube, y sus almas se han fundido en una sola alma. El alma común del mundo soy yo... yo... Engastada en mí está el alma de Alejandro Magno, la de César, la de Shakespeare, la de Napoleón y la de la sanguijuela más ínfima. En mí la conciencia de la humanidad se ha fundido con los instintos animales; lo recuerdo todo, todo, todo, y en mi propio ser revive cada vida individual.

(Aparecen fuegos fatuos.)

ARKÁDINA *(En voz baja.)*

Esto me suena a decadentismo.

TREPLIOV *(Con voz implorante y quejosa.)*

¡Mamá!

NINA

Estoy sola. Una vez cada cien años abro los labios para decir algo y mi voz suena desconsolada en este vacío. Nadie oye... Y vosotras, pálidas luces, tampoco me oís... En la madrugada os engendra el pútrido pantano y vagáis hasta el alba, pero sin pensamiento, sin voluntad, sin una leve palpitación de vida. El Demonio, padre de la Eterna Materia, temiendo que la vida vuelva a renacer en vosotras, a cada instante crea en vosotras, como en la roca y en el agua, un flujo perpetuo de átomos y os hace cambiar de continuo. Sólo el espíritu permanece constante e inmutable. *(Pausa.)* Como un preso encerrado en un pozo profundo y vacío, no sé dónde estoy ni qué me espera. Lo único que sé es que, en mi lucha perpetua y cruenta con el Demonio, principio de las fuerzas materiales, estoy destinada a vencer. Después de ello se fundirán en admirable armonía la materia y el espíritu y surgirá el Reino de la Voluntad Universal. Pero ello sólo acontecerá tras un lento proceso, en el curso de una larga, larguísima sucesión de milenios, después que la Luna, el rutilante Sirio y la Tierra se hayan convertido en polvo. Y hasta entonces, horror, horror... *(Pausa. Sobre el trasfondo del lago aparecen dos puntos rojos.)* Y ahora mi potente rival, el Demonio, se acerca. Veo sus ojos terribles, color de sangre...

Fragmento de *La Gaviota*, de Chéjov

PREGUNTA 3. Desenvolva un dos dous temas seguintes: / Desarrolle uno de los dos temas siguientes:

3.1. O teatro grego. Características e autores principais. / El teatro griego. Características y autores principales. (5 puntos)

3.2. A recepción de espectáculos escénicos. O público: concepto e tipoloxías. / La recepción de espectáculos escénicos. El público: concepto y tipologías. (5 puntos)

PREGUNTA 4. Sitúe a obra no seu contexto histórico e literario. Explique os procesos necesarios para o deseño da posta en escena do texto que se acompaña, detallando as particularidades das distintas fases que permiten materializar o espectáculo / Sitúe la obra en su contexto histórico y literario. Explique los procesos necesarios para el diseño de la puesta en escena del texto que se adjunta, detallando las particularidades de las distintas fases que permiten materializar el espectáculo. (5 puntos)

ESCENA CUARTA

Tareixiña e Andrea falan a través do torno. Unha luz feliz ilumina todo.

TAREIXIÑA (*asomándose ao torno*): Tssss. Tsss. Estás aí, Andrea?

ANDREA: E non hei de estar? Non me dixeches que agardase a que saíses do rezo? Aquí estou, apampando e mirando quen pasa pola porta do mosteiro. Que aquí outra cousa non hai para facer. E sabes que? Non pasou ninguén!

TAREIXIÑA: A xente ten ansia. Está a traballar as leiras, non a pasear os camiños. Ti, como tes o xuízo a compoñer... pensei que xa voaras detrás dalgún paxariño piador. Es moi pega de Noso Señor...

ANDREA: E que mal fan as pegas? A xente di que foron os únicos paxaros que non lle deron consolo a Noso Señor na cruz e escorrenta nelas. Pensan que ventan a morte, pero digo eu: a morte mándaa Noso Señor, que non a traen elas. Debiamos agradecerlles o aviso. Así podemos poñernos a ben con Deus.

TAREIXIÑA: Estimaba eu saber que andas a facer ti por aí adiante para ter que porte a ben con Noso Señor. A ver... Que che dixo Estevo?

ANDREA: Que me dixo Estevo de que?

TAREIXIÑA: Antes, cando estabamos escollendo nos feixóns, dixéchesme que Estevo che dixera algo...

ANDREA: Ai, non me lembro.

TAREIXIÑA: Como non te lembrás? E ti non estás ben bautismada! O que digo eu... o xuízo a compoñer! Estábasme contando o de que os mozos de Albeos correron a pedradas os de Cequeliños e dixeches: «Estevo dixo que pola santa Mariña...», e eu pedinche que agardases para me acabar de contar o conto despois do rezo.

ANDREA: Fixéchesme agardar para que che contase esa parvada? Vou chegar tarde, e que lle digo na casa a túa nai? (*Con voz de burla.*) Estiven enredando porque sor Tareixiña non quere perder conta do que pasa fóra do mosteiro.

TAREIXIÑA: Vou para alá, pero aínda non cheguei a sor. Ou non me ves as roupas de noviza? Pensei que Estevo che falara de casar!

ANDREA (*con moita retranca*): Muller, claro! Prometeume a Torre de Fornelos se lle daba o si.

TAREIXIÑA: Si? Ai, que ben!

ANDREA: Tareixiña, e ti desde que entraches no mosteiro estás atordada!? E aínda dis que a que non estou ben bautismada son eu! Quen é Estevo? O máis preto que estivo da Torre de Fornelos foi unha vez que o mandou teu pai levar unha besta a ferrar.

TAREIXIÑA: Iso ben o sei! PEDIUCHE CASAMENTO, SI OU NON?

ANDREA (*ponse seria de súpeto*): A min paréceme que me fai as beiras, pero a ver que din seus pais e mais os meus. Vaia, e tamén a ver que din os teus, porque o outro día túa nai viunos por fóra da cerca falando un co outro e escorrentoumo de alí, que disque os criados da súa casa nunca deramos que falar ao mundo e que non quería que andásemos parolando por parolar e perdendo o tempo do traballo. Se che cadra a falar con ela podíasnos dar unha axudiña...

TAREIXIÑA: Miña nai fíxoo polo teu ben. Que o creto logo se perde.

Fragmento de *As desterradas*, de Carme Varela